



Regulamento

- O prezo de cada saída (Excursionismo e Sendeirismo) é de 10 euros. No prezo está incluído o transporte, o equipo de monitores/as e as visitas.
- As persoas deben aboar a excursión na semana posterior á súa realización. Os recibos para o pagamento entregaráselle durante a ruta no autobús. As persoas que non realicen o pagamento no prazo establecido serán dadas de baixa en todas as rutas nas que estean inscritas.
- A comida da excursión corre a cargo de cada participante. Nas rutas de excursionismo elixiranse vilas para que as persoas participantes dispoñan de restaurantes onde comer ou ben espazos abertos se deciden facelo ao aire libre. Nas rutas de sendeirismo a comida sempre será no camiño, no lugar que o ritmo do grupo determine.
- Os asentos dos autobuses non están numerados, en ningún momento se realizarán reservas.
- Os horarios de saída de Excursionismo comunicaranse por teléfono a semana anterior da saída. Os horarios de Sendeirismo enviaranse a través do correo notificado no momento da inscrición telemática.
- As persoas inscritas están obrigadas a comunicar a renuncia á praza nun prazo dunha semana anterior á saída. De non facelo así, causarán baixa en todas as excursións nas que estean inscritas. A comunicación da baixa deberá facerse telefonicamente ou ben presencial nos Servizos Sociais e Igualdade do Concello de Oleiros.
- Todas as persoas deberán cumprir as normas sanitarias establecidas e contar con preparación física axeitada para desenvolver 14 quilómetros nas rutas de sendeirismo.
- O programa “Ven e descubre” é unha actividade en grupo dirixida por un equipo de monitores e monitoras, polo que as persoas inscritas deben acollerse en todo momento ao programa establecido.
- O Concello sempre poderá anular ou modificar rutas sempre que o estime oportuno. Ben sexa por factores climatolóxicos, sanitarios, de participación ou por outros aspectos da organización.
- O Concello sempre poderá anular prazas en función das características da persoa solicitante e o seu comportamento.



EXCURSIONISMO ▶ Xoves de excursións: itinerarios culturais con visitas guiadas en grupo

■ O País dos mil ríos - Ribeira Sacra do Miño

Descubrir a Ribeira Sacra Lucense a través do Río Miño visitando o Ecomuseo do Pazo de Arxeriz e o “Cabo do Mundo”.

■ A fin do mundo - De Cee a Fisterra

Desde Fisterra para o mundo, a emigración dos galegos e galegas visitando as vilas de Cee e Fisterra e o museo Fernando Blanco.

● Xoves de EXCURSIÓN	O PAÍS DOS MIL RÍOS		A FIN DO MUNDO	
	1 PERILLO	5 de MAIO	1 de SETEMBRO	9 de XUÑO
2 NÓS	12 de MAIO	12 de XULLO	16 de XUÑO	22 de SETEMBRO
3 MAIANCA-SERANTES-DEXO	19 de MAIO		30 de XUÑO	
4 SANTA CRUZ-DORNEDA	26 de MAIO	8 de SETEMBRO	7 de XULLO	29 de SETEMBRO
5 OLEIROS-IÑÁS-MONTROVE	2 de XUÑO		14 de XULLO	



Inscricións

Para participar en excursionismo debe inscribirse por teléfono no 981 610 000 en horario de 16:00 a 20:00 h facilitando o nome, DNI, data de nacemento e parada de autobús.

As prazas son limitadas, non se recollerán máis de 2 inscricións por chamada e outorgaranse por rigorosa orde de inscrición.

Busque a localidade coa que desexa participar e apúntese nas datas de inscrición que lle corresponda: →

Datas de inscrición en Excursionismo

- 1. Perillo: 19, 20, 21 e 22 de abril
- 2. Nós: 25, 26, 27 e 28 de abril
- 3. Maianca - Serantes - Dexo: 29 de abril e 2, 3 e 4 de maio
- 4. Santa Cruz - Dorneda: 5, 6, 9 e 10 de maio
- 5. Oleiros - Iñás - Montrove: 11, 12, 13 e 16 de maio

SENDEIRISMO ▶ Martes de sendeirismo: andainas guiadas entre 10 e 14 km

■ O son de Bergantiños - Polas terras de Bergantiños

Descubrinto a historia e a natureza da comarca de Bergantiños.

■ Petróglifos e Galaicos - Campo Lameiro

Segredos da pedra nunha ruta cargada de historia e natureza ata o centro de interpretación rupestre de Campo Lameiro.

■ Viaxeiras e viaxeiros do Norte

- O Vicedo, Fuciño do Porco

Paisaxes e camiños de viaxeiras/os do norte que chegaron a Galiza polo mar.



● Martes de SENDEIRISMO	O SON de BERGANTIÑOS	PETROGLIFOS e GALAICOS	VIAXEIROS do NORTE
1 PERILLO e MONTROVE	31 de MAIO	21 de XUÑO	6 de SETEMBRO
2 SANTA CRUZ-DORNEDA-SERANTES-DEXO e MAIANCA	7 de XUÑO	28 de XUÑO	13 de SETEMBRO
3 NÓS-IÑÁS-OLEIROS	14 de XUÑO	5 de XULLO	20 de SETEMBRO

Inscricións

Para participar en sendeirismo debe inscribirse vía telemática a través da sede electrónica da páxina web: www.oleiros.org
As prazas son limitadas e outorgaranse por rigorosa orde de inscrición.

Busque a andaina coa que desexa participar e apúntese nas datas de inscrición que lle corresponda: →

Datas de inscrición en Sendeirismo

- Rutas “O Son de Bergantiños” e “Petróglifos e Galaicos”
18, 19 e 20 de maio
- Ruta “Viaxeiras e viaxeiros do Norte”
22, 23, 24, 25 e 26 de agosto